

## "ALEXANDRE BOVEDA NO GALEUZCA DE 1933"

Xosé Estévez

Universidade de Deusto

### **-I-A TRIPLE ALIANZA DE 1923.-**

Os contactos trinacionais entre forzas nazionalistas galegas, vascas e catalanas encetan en Xuño de 1923, en resposta a un chamamento para artellar un bloco trinacional, da recén nada i exitosa "Acció Catalana", liderada nise intre por Antoni Rovira i Virgili, Lluís Nicolau D'Olwer e Jaume Bofill i Mates.

Respondeu de xeito inmediato ó chamado, coa máis férveda adhesión, o PNV, daquela a ponla máis radical do nacionalismo vasco encabezada por Elías de Galarza, "Gudari".

Durante o vran fóronse sumando á convocatoria a Comunión Nacionalista Vasca (CNV), as Irmandades da Fala, Estat Catalá, Unió Catalanista e Irmandade Nazionalista Galega.

A xeira remataría ca sinatura do Pacto da Triple Alianza en Barcelona o 12 de Setembro de 1923.(documento 1). Poñerán o carimbo as seguintes forzas asinantes:

- Pola banda galeguista: Irmandades da Fala, representadas por Federico Zamora e Alfredo Somoza, e a ING, que se adheriu ó traveso dun telegrama remesado por Vicente Risco.

-Polo nazionalismo vasco: O PNV, mediante a presenza de Galarza, Uribe-Echebarria, José Domingo de Arana, Robles Aranguiz e Manu Egileor. A CNV, representada por Jesús María Leizaola, Julián Arrién e Torre, postergou a aprobación á unha consulta ás bases do partido, que lóxicamente non pudo realizarse por mor do golpe de Estado do día seguinte.

-Polo Catalanismo selaron o acordo: Acció Catalana, con algunhas reticencias, a entidade cultural Unió Catalanista, representada por J. Riera i Puntí e Pere Manén i Artés, e Estat Catalá, encabezado por Macià.

Do acordo asinado somentes se conserva unha copia, con correccións manuais, no Arxiu Jaume Bofill. De caraiter arredista e nidiamente doctrinario, consta de oito artigos i en dúas ocasións apélase ó "procedemento heroico" e ó "derramamento de sangue", isto é, á loita armada.

No fracaso desta avinza infruiron un variado conxunto de factores interdependentes:

- disensións internas entre as forzas asinantes (Acció Catalana e ING, sobre todo),

-reticencias a asinar un pacto fortemente arredista( algún sector de Acció Catalana e a CNV),

-ausencia de outras forzas como a podente LLIGA e a recién fundada Unió Socialista de Catalunya,

- a própia feitura teórica da avinza, segundo algúns como Jaume Bofill "fantástica" e segundo outros como o historiador Enric Ucelay da Cal "utópica", "puramente simbólica", "molt retórica i poc traballada".

- O golpe de estado primorriverista do 13 de Setembro, que se adiantou mesmamente dous días por mor do descontento do exército diante "os excesos separatistas" do día 11 no homenaxe a Rafael de Casanova e as decraracións de Rovira i Virgili nos postres da cea, que se atreveu a decir:"Non somos españois, deixamos ise apelativo para quen o queira".

## **-II-ACAROAMENTOS NO EXILIO DURANTE A DICTADURA(1923-1930).-**

No exilio galo o aberriano Telesforo Uribe-Echebarría propónlle a Macià un anteprojecto de "Liga de Nacións Oprimidas", que o catalán reelabora e lánzao á opinión pública dende París o 9 de Setembro de 1924, sen obter resposta. A Liga viña a ser un complemento da Triple Alianza, abranguíaa as tres nacións peninsulares integrantes, ás que se adxuntaban Filipinas, Exipto e a República do Rif. **(documento 3).**

O 8 de Xaneiro de 1925 constituíase en París o "Comité de Acción da Libre Alianza", integrado por representantes de Estat Catalá, PNV, dos cataláns en América e a CNT. Asinan o "Pacto da Libre Alianza", que deixaba reservado un lugar para unha delegación galeguista. O obxectivo final, expricitado no mesmo acordo, era derrubar o réxime español, decrarar as tres nacións independentes e introducir na lexislación e na práctica social milloras substanciais para a crase obreira.**(documento 4).**

O 16 de Novembro de 1925 asínase en Moscú un novo pacto, no que ás forzas compoñentes da Libre Alianza, agás os galeguistas, incorporábase o Partido Comunista. Macià percurara por tódolos medios a incursión do PC, porque era o único que podía suministrar axuda económica na estratexia de derrubar o réxime español. O PC, con posterioridade, desentenderíase do acordo.**(documento 5).**

A creba do golpe "A Sanjuanada"(24-Xuño-1924), con participación de militares opositores á Dictadura como Fermín Galán, e da invasión de Prats de Molló (4 de Novembro de 1926) provocaría un troco de estratexia pola banda de Macià, abandonando a via armada e insurrecional. A partires de 1928 tentaría o sendeiro de acordos entre as forzas políticas españolas e periféricas da oposición, que acimarían no pacto de San Sebastián do 30 de agosto de 1930 durante a Dictabrande.

Esta coxuntura de tránsito á II República foi, cicais, unha oportunidade desaproveitada, que coutaría inclusive o artellamento dunha República federal.

No pacto de San Sebastián a intensidade reivindicativa das distintas forzas catalanistas non pode poñerse en dúbida. Acció Catalana, representada por Manuel Carrasco i Formiguera; Acció Republicana, encabezada por Macià Mallol, i Estat Catalá, cuxo voceiro era Jaume Aiguader, loitaron polo recoñecemento dos dereitos de Catalunya no futuro réxime republicán fronte as forzas españolas presentes nas conversas deste pacto non escrito: Alianza Republicana, Partido Radical Socialista, Partido Socialista e Dereita Liberal Republicana. O galeguismo achábase indirectamente representado por Santiago Casares Quiroga, en realidade delegado da Federación Republicana Galega, quen solicitou de xeito apoucado a autonomía para Galiza, segundo coinciden as diferentes e contrapostas versións das conversas. Pero o nazionalismo vasco, por mor de diversas causas cuxo análise explicativo sería sobexamente demorado, non estivo presente no pacto. Atal ausencia zocharía a posibilidade da configuración dun bloco trinacional nesta carol tesitura prerrepública.

### **-III-TENTAMES PACTISTAS EN 1931-1932.-**

Durante os anos 1931 e 1932 desfilaron chamamentos, tentames ou achegamentos pontoais co obxecto de conquistar fronteiras ou avinzas trinacionais ou binacionais, sen que o éxito as coroase até 1933, que se asina o Galeuzca ou Pacto de Compostela.

En xaneiro de 1931, co abesullo dunhas eleccións cerqueiras, o vasco Federico de Zabala apoiaba a formación nas vindeiras Cortes dun bloco autonomista para arrincar do centralismo os meirandes cumios de concesións autonómicas.

No mesmo intre da alporizante ledicia producida pola instauración do novo réxime republicán, dirixentes do PNV e de ANV petarían na sensibilidade de Macià para percurar axuda ás reclamacións vascas.

No meio deste fervenza, o fato "Nosaltres Sols", arredista, que rexeitaba a estratexia contemporizadora de Macià, pregáballe ó dirixente peneuvista, Manu Egileor, o rexurdimento da Triple Alianza.

Tra-las eleccións a Cortes Constituintes o 28 de Xuño de 1931, Vicente Risco propoñía a formación dun fronte autonomista no Parlamento coa finalidade de acadar unha Constitución Federal. Unha proposta semellante, en fasquía e obxetivos, tentou o PNV con Esquerra Republicana de Catalunya, mais os fondos desacordos das dúas formacións políticas na custión relixiosa impediron calquer avimento.

A friaxe nas relacións entre esquerristas e jelkides, encirraron a estes a percurrir outros vieiros, entaboando contactos ca LLIGA a finais de 1931. O adalide ligueiro, Cambó, respostaría positivamente, aínda que ca sotileza dun vello raposo da política. Porén, a febleza da representación ligueira nas Cortes (catro deputados) tampouco permitía moita fachenda de cara a efectividade.

En 1932 agromarán na escea política novos chamamentos, nos que a recién fundada UNIO DEMOCRATICA DE CATALUNYA terá un xebre protagonismo.

Jordi Carbonell, da citada UDC, encetarán a rolda en febreiro i en meses vindeiros petarrearán na mesma aldaba outros persoeiros do mesmo partido como Jover i Nunell, Roca Caball (pai do actual dirixente de CIU, Miquel Roca) e Carrasco i Formiguera.

No mes de Xullo multuplicaríanse os chamados: Esteban de Isusi, do PNV, Lluís Jordá, periodista catalán colabourador do xornal penuvista EUZKADI e próximo á LLIGA, o galeguista Otero Pedrayo, na festa de Iñaki Deuna ou Día de San Ignacio, e "Nosaltres Sols, que recunca un chamamento realizado en Abril. Mantíñanse, ademáis, conversas entre a minoría vasca e os galeguistas para artellar unha fronte autonomista e xuntanzas en Barcelona, entre varias entidades catalanistas e centros vascos e galegos, para orgaizar un "Congreso de nacionalidades hispánicas".

O homenaxe a mediados de Xullo en Barcelona a Otero Pedrayo e Castelao por mor da defensa nas Cortes dos dereitos de Catalunya co gallo dos debates do Estatuto catalán sería un oportuno adaxe para teimar nos mitins e discursos na liña de conquistar achegamentos trinacionais máis duradeiros.

Non remataría o ano sen un novo chamamento ao rexurdimento da Triple Alianza, a cárrego, esta vegada, de Batista i Roca, Segretario da organización patriótica, "Palestra".

#### **-IV-O GALEUZCA DE 1933.-**

A coxuntura letárxica dos Estatutos vasco e galego e o canseiro proceso de transferencias a Catalunya tra-lo acadamento do seu Estatuto de Autonomía en setembro de 1932, após de longas discusións, proporcioaba unha tesitura favorable para un afondamento nos vencellos trilaterais.

O 2 de abril de 1933 celebrábase no frontón Euskalduna de Bilbao un mitin trinacional artellado por ANV, coa participación desta forza, nas persoas de Juan Carlos Basterra, Jualián Arrien e Luis de Urrengoetexea, de ERC, a cárrego do doctor Riera i Puntí, e do PG, coa presenza de Castelao. Mesmamente Arrien e Riera i Puntí xa interviran nas conversas a prol da Triple Alianza en 1923. Iste último proqramaría no seu discurso un chamado para a formación dun bloco trinacional, ben acollido polos presentes. (1).

Na mesma tarde do 2 de abril Castelao, Riera i Puntí e o dirixente anevista Sabin Seijo asinaron no álbum da Casa de Xuntas de Gernika, o que algún historiador como José Luis Granja nomeou Pacto de Gernika ( documento 5), un nidio antecedente do Pacto de Compostela ou Galeuzca. (2).

Castelao aproveitaría a ocasión para visitar a Casa de Galicia de Bilbao, fotografiarse ca xunta directiva xunto a un fato de socios e asinar no Libro de Ouro de entidade con estas fermosas verbas:

"Sempre namentras viva relembrarei o día dous de abril do ano 1933, pasado entre bascos, cataláns e galegos para demostrar que os nosos anceios de libertade non serán compatibles co-a uniformidade, pero sí co-a unidade ibérica, que é o soño dos homes que miran ó futuro. Sempre me lembrarei da Casa de Galicia, onde atopei peitos irmáns dos meus. Alfonso R. Castelao". (3)

¿Que participación pudo ter Bóveda nesta primixenia xeira?. Non o sabemos, pero podemos deducir sen medo a trabucarnos que como secretario do PG influiría dalgún xeito e, se cadra, moi notable para enviar a Castelao a iste acto.

Os dirixentes anevistas decatábanse que iste acordo nascía flebe sen a intervención da forza maioritaria, o PNV, e a adhesión, en caso necesario, do sindicato ELA-STV. Por iso, convidan ós jelkides, como se desprende dunha carta do anevista Andrés Perea ós dirixentes de ERC, Ventura Gassol, Joan Puig i Ferrater e Josep Riera i Puntí. (4).

Namentras, o 16 de abril celebrábase en San Sebastián o II Aberri Eguna, baixo o lema "EUKADI-EUROPA", coa participación de Miguel de Urreta, o bersolari Matxin, Teodoro Hernandorena, membro do GUIPUZKO BURU BATZAR (GBB), o deputado peneuvista José Antonio de Aguirre, o presidente do GBB, Telesforo de Monzón, o Dr. Ewald Ammende, estoniano, secretario do Congreso de Minorías Nacionais, Francesc Maspons i Anglassel, juriscolluto catalán, vicepresidente do Congreso de Minorías Nacionais, militante do Partido Nacionalista Català (PNC) e Ramón Otero Pedrayo, deputado do PG. Telesforo de Monzón amosaría "partidario de que se llegue a una intelixencia con Catalunya y Galicia". (5).

O 8 de Maio Telesforo de Monzón, presidente do GBB, que fora encargado polo cumio do PNV de iniciar os contactos cos cataláns, viaxa a Barcelona na compañía do outro persoeiro jelkide guipuzcoano, Teodoro Hernandorena e coa intención de realizar "gestiones de índole política" e "de aproximación vasco-catalana". (6). Nas xornadas catalanas dos dous persoeiros, celebradas entre o día 8 e o 13 de maio artelláronse unha morea de actos, entre os que sobrancean: un mitin nos locais de entidade independentista NOSALTRES SOLS, unha entrevista con Francesc Cambó o día 9, un gran banquete-mitin organizado por PALESTRA o día 10 con asistencia de representantes de tódolos partidos políticos nacionalistas e diversas entidades do mesmo xorne e un grandioso mitin no Iris Park o día 11 con intervención de membros cualificados do PNC, UDC, da entidade UNIO CATALANISTA, PNV e Maspons i Anglassel, insistindo tódolos oradores na necesidade de "establir un intercanvi amb el País Basc per tal d'unificar l'acció". (7). Nesta viaxe ficaría configurado un borrador de pacto, perfilado polos peneuvista e o dirixente da entidade PALESTRA, Josep Ma. Batista i Roca, que xa recibe o nome de GALEUZCA no xornal EUZKADI:

"Como jalón esperanzador de futuras actuacións fecundas ha de quedar semilla vertida en el surco de los anhelos patrióticos peninsulares: la organización de la entidad GAEUZCA (sic, por erro xornalístico), que agrupará a todos los intelectuales de Galicia, Euzkadi y Cataluña para organizar una acción inteligente, ardorosa y entusiasta por la consecución de las libertades patrias. Esta institución nueva ha estado organizado merced a las gestiones y actuación de los señores Monzón y Ernandorena en tierras de Cataluña". (8).

Mais esta viaxe e as traxectorias dalguns partidos dende a implantación do réximen republicán amosaron os receos e sospeitas dalguns partidos nacionalistas cataláns, sobre todo, a maioritaria ERC fronte o nacionalismo vasco, por consideralo flebe no republicanismo, clerical, reaccionario e con connotacións racistas. Endalí que se organizase unha comisión de observadores integrada por representantes de tódalas forzas catalanistas para viaxar ó País Vasco e espreitar endemáis in situ o nacionalismo peneuvista.

"A Comisión de observadores catalans", pois con ise nome foi bautizada, estaba integrada por Pere Rosell i Vilar, de ERC, Pau Vila, de "Acció Catalana", ou millor dito "Acció Catalana Republicana" dende o 12 de marzo de 1933, Josep Carbonell, de UDC, Josep Ma. Batista i Roca, secretario de asociación catalanista PALESTRA, y Tomás Roig i Llop, que tódolos indicios sinalan a súa pertenza á Lliga Catalana.(9).

Esta comisión, convidada polo GBB, realizaría un concentrado periplo por distintas localidades de Gipuzkoa e Vizcaya, acercándose incluso a Lapurdi, entre os días 24 e 29 de maio. Celebráronse mitins, conferencias, visitas a Sociedades Culturais (Eusko Ikaskuntza), Museos e Monumentos, funcións teatrais, banquetes, con intervencións dos diferentes observadores e dos primeiros espadas do nacionalismo peneuvista como José Antonio Aguirre, Telesforo Monzón, Aitzol, Robles Aranguiz, Manu Eguileor, Francisco Basterretxea e o poeta Esteban Urkiaga "Lauaxeta". Tamén se entrevistarían con representantes de ANV. (10).

Dos numerosos informes, conferencias, entrevistas e artigos de xornais sobre a viaxe a cárrego de tódolos observadores cataláns dedúcese unha nova visión do nacionalismo vasco, caracterizado con estes adaxes:

-1-Eliminación dos prexuízos cos que se adoitaba a ollar o nacionalismo vasco dende Cataluña.

-2-O nacionalismo vasco ten fortes ingredientes relixiosos e sentimentais, pero non é reaccionario, senón liberali están ausentes elementos clericais.

-3-O nacionalismo vasco é un movemento socialmente aavanzado, que incorpora a doutrina social máis progresista da Igrexa e o obreirismo de ELA-STV.

-4-É un movemento integrador, interclasista, e amortigador das tensións, que pode, incluso, evitar unha contenda civil.

-5-Non cabe dúbida de que é tamén un movemento racial e patriótico, pero politicamente flexible, aínda que no é separatista, senón federalista.

-6-Sofre unha forte represión do Estado español, endalí que aposten polo apoio ó nacionalismo vasco.

-7-Necesidade de instaurar unha nova política peninsular, na que o Galeuzca sexa o punto de partida, e polo tanto, é preciso darlle pulo a iste bloco trinacional. Niste senso foi Batista i Roca o máis insistente, escribindo como colofón do seu pensamento estas verbas no Libro de Sinaturas da Casa de Xuntas de Gernika, xunto ao carballo, símbolo das liberdades vascas:

"En la casa on s'aplegava el poble sobirá de Biscaia l'espressió de la voluntat dels catalans: la nova estructuració de la península per el ressorgiment de la lliure determinació i la cooperació entre las nacionalitats fins ara opreses sota la hegemonía aliena". (11).

Por conseguinte, iste periplo serviu non só para acadar unha visión axeitada do nacionalismo vasco (12), senón tamén para roborar definitivamente a intención de organizar a viaxe triangular e artellar o Pacto de Compostela ou Galeuzca, como recoñece Alvaro das Casas no diario da viaxe, escrito na revista ALENTO. (13).

En xuño seguíase traballando no artellamento do Galeuzca, como amosa unha carta do Comité Nacional ANV, datada o 14 de xuño e dirixida a Ventura Gassol, Joan Puig i Ferrater e Josep Riera i Puntí, persoeiros de ERC. (14). De esta epístola dedúcese algunhas facianas salientables:

-1- A idea inicial do rexurdimento de Triple Alianza partiu do mitin e posterior pacto de Gernika, celebrados o 2 de abril.

-2-O plan conta co apoio de ANV e coa aceptación do PNV e a adhesión do PG e "para caso necesario de STV".

-3-A visita dos observadores cataláns limou receios e suspicacias a respecto do PNV.

-4-Recoñécese a dificultade de integrar na Triple Alianza a tódolos grupos nacionalistas cataláns e nese labor a entidade PALESTRA podería facer de ponte e aglutinante.

-5-Necesidade de aprobar os Estatutos de Atutonomía vasco e galego, para o que o bloque trinacional sería determiñante feito empurrador.

-6-Sinatura dun acordo trinacional, segundo a proposta de ANV a realizar en Bilbao e coa presenza de Macià para prestixia-lo.

Tamén o 26 de xuño Batista i Roca escribiulle unha carta a Alvaro das Casas para consultar o roteiro da viaxe e requerir a colaboración dos ULTREIA, mesmo tempo que

lle adxuntaba un borrador do pacto, que Alvaro chamaba "bases de entendemento internacional".(15)

Todo parece indicar, polo tanto, que a finais de xuño ficaba perfilada a realización da viaxe tringular: Galiza-Euskadi-Cataluña por iste orden e o borrador dun pacto trinacional, redactado en catalán e confeccionado en Barcelona por Batista i Roca, dirixente de PALESTRA, e o presidente do GBB, o peneuvista, Telesforo de Monzón. Após dun período de meditación durante a viaxe dos observadores cataláns foi estudado por PALESTRA e consultado con alguns políticos cataláns, entre eles Macià e Cambó, segundo refire Das Casas. (16).

#### **-V-O PROTAGONISMO DE ALEXANDRE BOVEDA.-**

Os cataláns e vascos desprázanse a Galiza o 23 de Xullo e o 25. Nos limiares deste desprazamento e durante a viaxe en Galiza, así como na redacción do primeiro texto do acordo o protagonismo de Alexandre Bóveda fica nidio, como recolle o seu diario e o relato de Alvaro das Casas. (17). O protagonismo de Bóveda, por outra banda, era lóxico ó ser o secretario do PG e o principal encargado de organización. Ademáis, Bóveda coñecía Cataluña e o País Vasco, pois en 1929 viaxara ós dous países, pensionado pola Deputación de Pontevedra, rexida por D. Daniel de la Sota, para estudar o funcionamento das Caixas de Aforros. O pai tamén fora emigrante en Euskadi en 1903. (18).

No seu diario aparece unha reseña o 16 de xullo sobre a viaxe de cataláns e vascos. Entrevístase con Xerardo Alvarez Gallego, Francisco Fernández del Riego e Alvaro das casas para prepara-lo periplo. O 17 conversa telefónicamente con secretario do PNV, de San Sebastián, (-daquela era Teodoro Hernandorena-) para percurarlle aloxamento aos viaxeiros, conversas que se repiten, así como coa entidade catalana PALESTRA, os días 18 e 19 de xullo. Tamén o 19 entrevístase con Alvaro das Casas para artellar os actos da viaxe. O día 23 os catalans remesaban un telefonema xa dende terras galegas, mesmamente dende O Barco de Valdeorras, ó que respostaba Bóveda. O día 24 chegaban a Pontevedra os vascos e cataláns, sendo recibidos en Bora. Recebemento no concello, discursos nacionalistas no local do PG, vermou no Casino, xantar no Palace, visita a monumentos e saída pra a Toxa son as actividades que Bóveda insire no diario.

Alvaro das Casas esmiuza moito máis o relato, mencionando os representantes galegos presentes e a intervención de Bóveda no local do PG, sorprendentemente en castelán.(19).

O día 25 celebrouse un mitin na Ferradura diante da estatua de Rosalía de Castro, con intervencións de Castelao, Blanco Amor, Suárez Picallo polos galegos, Carmen Sánchez Gamarra polos vascos e a Sirta. Carme Picart e Pau Vila polos cataláns.(20).



As catro da tarde reuníronse os representantes das tres nacións no local do Seminario de Estudos Galegos, donde se discutiron algunhas cuestións e o anteproxecto do pacto.

En dous tema existiu unanimidade: somentes podía pertencer a Galeuzca partidos e organizacións nacionalistas e o artellamento de Galeuzca de tal xeito que poida traballar aínda que sobreviñesen en Madrid cambios políticos que fixeran imposible a súa labor pública. (21). Mais foron rexeitadas dúas propostas de Alvaro das Casas. A primeira, que pretendía a participación en Galeuzca da Unión Socialista Galega (USG) opúxose a ela expresamente Alexandre Bóveda. (22).

Despois de case cinco horas de deboura, o Pacto de Compostela (**documento 6**), máis coñecido polo nome de Galeuzca, nome que adquirirá sona ó longo do tempo, asinouse no local do Seminario de Estudos Galegos e foi redactado en galego por Alexandre Bóveda, quen tivo un forte protagonismo segundo testemuña de Alvaro das Casas, presente na cerimonia e roborou o Rapport do PNV.(23).

Os asinantes foron:

-A. Bóveda, polo PG, e Alvaro das Casas, por ULTREIA.

-Josu Doxandabaratx, Joseba Rezola, Esteban Isusi e Manuel de Irujo polo PNV.

-Joan Batista i Roca e Joseph Girona, de PALESTRA, Pau Vila, de ACR, e Josep Pich i Salarich e Pau Muñoz Castanyer, de UDC.

O protagonismo de Bóveda e súa capacidade organizativa, na que coincidirán os viaxeiros cataláns e vascos, sorprenderían a Manuel de Irujo, de quen afirmou:"organizador infatigable, temeperamento político, gran educador de hombres dinámicos a los que somete superando siempre. Bóveda es sencillamente una garantía de éxito, de calidad que los pueblos no siempre tienen". (24).

Tra-lo acordo entregouselle unha nota oficiosa á opinión pública, que recolleron algúns xornais.(25).

O día 26 os viaxeiros visitan Santo Domingos de Bonaval donde ecoitan misa en honra de Rosalía, oficiada polo coengo López Carballeira e saída para A Coruña, con parada en Carral para homenaxear ós mártires da revolta de 1846. (26). Na cidade coruñesa depositaron coroas de froles nos sartegos de Manuel M. Murgia, Manuel Curros Enriquez e Eduardo Pondal soterrados no cemiterio de San Amaro e, despois de contemplar varios monumentos, entre eles a Torre de Hércules, participaron nun mitin con intervencións de Víctor Casas, Manuel Lugrís, Alvaro das Casas, Pau Vila, Muñoz Castanyer, Julene Urcelay e Esteban de Isusi.

O día 27 trasládanse a Betanzos para admirar a cidade e deseguido a Ferrol, onde de camiño ós Asteleiros e á Base Naval, acordan o catalán e dibuxante, Joaquin Renart,

o artista galego, Bello Piñeiro, e Alvaro das Casas crear a bandeira de Galeuzca. Celébrase un mitin no Ateneo, con falencias de Manuel de Irujo, Carballo Calero, Alvaro das Casas e Batista i Roca. Bóveda non se mantén ó marxen do periplo pois remésalle ó xornalista e viaxeiro vasco, Ruiz de Oyaga, o seguinte telegrama: "Sauda noso nome ermans (sic) Cataluña. Chamareite. Bóveda". (27).

El día 28 saen os excursionistas de Ferrol para Ribadeo, con parada curta anterior en Viveiro. Uns cruzan a ría en motora e outros en automóvil por Castropol. Continúa a viaxe ata Xixón, onde pernoctan. O 29 reanudan a viaxe por Asturias e Cantabria, con entrada en territorio vasco ó solpor, con detencións nos batzokis de Somorrostro e Santurtzi para cear e dormir en Bilbao.

En Bilbao, o 30 de Xullo, reúnenos novamente os asinantes de Galeuzca. Engadíronse dúas novas precisións accidentais e a sinatura doutras tres forzas políticas: A LLIGA CATALANA, por medio de Joan Estelrich; ERC, a cárrego de Josep Riera i Puntí, e ANV, ó traveso de Andrés Perea, ademáis dunha nova sinatura de UDC, a de Manuel Carrasco i Formiguera. (Istes engadidos poden ollarse ó final do pacto, **documento 6**).

No periplo vasco só se detecta a presenza de Bóveda esporádicamente, aínda non viaxaron representantes do PG, agás Ramón Otero Pedrayo que se desplazou dende Donostia para participar na festa nacional do PNV, Día de San Ignacio, o 31 de xullo en Bilbao. Alvaro das Casas laiábase desta ausencia: "Por qué non están eiquí, e por qué non viñeron comigo na viaxe, Castelao e Suárez Picallo? Aínda hoxe non o sei. Penso que o Partido Galeguista non se díu conta da trascendencia desta viaxe. (28).

O 1 de agosto nos locais da Asociación cultural, dedicada sobre todo á teatro, SASKI-NASKI POXPOLIÑA, ubicada no vello edificio KURSAL, derrubado e sustiuído por un máis moderno, obra de Rafael Moneo, celebrouse un grandioso mitin. Traq-la presentación de Teodoro Hernandorena, interviñeron Pau Vila, Rosend Pich i Salarich, Batista i Roca e Alvaro das Casas, que relata polo miúdo o acto, aínda que omite un telegrama de Alexandre Bóveda, en nome do PG. O mesmo Das Casas leeunos estes termos acastrapados:

"Queremos teña presente Patria Gallega asóciase afervoadamente acto confraternidad que firman Catalunya, Euzkadi y Galiza. Celebran oxe a prol esito nosas arelas. Saudos nome Partido Galleguista".(29).

Ante a ausencia dalgun membro do PG nos primeiros momentos da viaxe a Barcelona, Bóveda reaparece, remesanado dous telegramas, un a Batista i Roca e outro a Luis Suárez Delgado, cualificado militante do PG en Barcelona, xunto a xornalista María Luz Morales. (30).

No primeiro Bóveda asociábase, en nome do PG., ós actos do Galeuzca en Barcelona para roborar a irmandade dos tres Pobos: "Imposibiliadde acompañalos

asociámonos afervoadamente aitos con que patriotas de Catalunya, Euzkadi e Galiza sellen hoxe compomiso irmandade dos tres pobos para traballar éisito arelas comúns".

A Luis Suárez Delgado encomendáballe Bóveda a misión de representar ó PG nos actos de confraternidade en Barcelona. Para solemnizar ós actos enviáballe unha equipa atlética galega, pero non un filme que Luis solicitara: "Imposible mandar película. Escribo. Hoxe chegará equipo atlético galego. Recibideo e representádenos aitos confraternidade, Catalunya, Euzkadi e Galiza".

O día 4 será a xornalista María Luz Morales quen asine en nome do PG no Album de Radio Asociació, na visita ue realizaron a entidade. (31).

O día agregábanse dous novos expedicionarios, diputados nas Cortes Españolas, Jesús Ma. Leizaola, do PNV, e Ramón Otero Pedrayo, do PG, procedente de San Sebastián, sen dúbida, aínda que non temos constancia escrita deso, enviado pola dirección do Partido. Iste xa intervirá oralmente na recepción ofrendada pola mañán na Generalitat por Macià ós viaxeiros e na ofrecida pola tarde no Concello polo alcalde Jaume Aiguader. (32) O Concello agasallaría ós expedicionarios con unha cea no restaurante Miramar, na que participaron máis de trescentos comensais, falando nos postres o alcalde de Barcelona, Otero Pedrayo, José María Izaurieta, Joaquin Reig e Ventura Gassol, en representación de Macià. (33). Como remate do acto, segundo proposta de Ventura Gassol, acordouse remesar un telegrama a Asamblea de Concellos Vascos, que se celebraba en Vitoria, coa sinatura de tódalas forzas presentes no acto, ERC, LLIGA CATALANA, ACR, UDC, PALESTRA, CENTRO DE ACTUACION VALENCIANISTA, ACCION NACIONALISTA VALENCIA, PG, VANGARDA NACIONALISTA GALEGA, ANV e PNV., nos seguintes termos:

"Reunidos solemnemente banquete ofrecido Ayuntamiento Barcelona vascos, gallegos, valencianos, mallorquines acordado por unanimidad propuesta Consejero Cultura Generalidad Gassol saludar Asamblea Ayuntamientos Vascos haciendo votos triunfo ideales libertad Estatuto Vasco reservando hermanos navarros posibilidad incorporarse próximo futuro gran familia vasca". (34)

O día 6 os viaxeiros e acompañantes dirixíronse a visitar lugares monumentais de Catalunya e un campamento dos minyons de muntanya. Visitaron e asinaron no Libro de honor do mosteiro de Montserrat pola banda galega Alvaro das Casas, Ramón Otero Pedrayo, José M. Cabada Vázquez, Alexandro Calvo Abello, Carlos Tomé Villasuso e "un monfortino", de sinatura ilexibel, que ben poidera ser un dos irmáns Vázquez Saco. (35).

O día 10 de agosto Castela desprazábase á cidade condal con varios obxetivos, segundo esmiuzaba nunca carta remesada a Bóveda: amainar algunhas fogaxes verbais de ton arredista e antirrepublicano atribuídas a Alvaro das Casas e Manuel de Irujo, urxir a necesidade de presentar os Estatutos vasco e galego, ir de contado a unha estrutura federal como espírito orixinario da República, crear un bloco Galeuzca no parlamento,

conquerir o decreto de bilinguismo para Galiza i Euskadi e percurar o ingreso de Galiza na Sociedade de Nacións. (36).

Castelao negaría, na devandita carta, os pretendidos alporizamentos arredistas de Alvaro das Casas e louvaría a súa actuación en Barcelona, ademáis de engadir os párrafos terminais do comunicado final nun senso republicán e federalista. O mesmo Bóveda defenderíao fronte ás críticas do grupo galeguista de Vigo, que remesou unha nota ó Faro de Vigo desautorizando os "Morras a Hespaña", atribuídos a Alvaro das Casas. No mesmo senso calificaría de admirable a actuación de Castelao en Barcelona (37).

Polo tanto, Bóveda estaba perfectamente informado das entrefrebas da viaxe, non somentes por correspondencia e prensa, aínda que esta, agás EL PUEBLO GALLEGO, "ceibaba veneno españoireiro", senón tamén, como amosa o diario, por conversas telefónicas. (38).

Ademáis, como secretario do PG ostentaría un sobranceiro protagonismo na roboración do Pacto de Compostela ou Galeuzca.

O 7 de setembro o Secretario do GBB e membro do Secretariado de Galeuzca, José Ignacio Lizaso, quen co gallo da guerra civil exiliaríase en Londres e interviría activamente nos proxectos galeuzcanos dos anos 40, escribíalle a Bóveda, indicándolle que o PG aínda non ratificara o pacto Galeuzca. Somentes o fixeran UDC e ULTREYA, que delegaba a súa presentación en Bóveda. (39)

Bóveda respostaría o 20 do mesmo mes ratificando o pacto e asumindo a representación de ULTREYA. Na carta advertía que non facía ren máis que reiterar o acordo de ratificación do PG, en xuntanza extraordinaria celebrada o 20 de agosto, polo que deducía que a anterior notificación debiera perderse. (**documento 7**). Bóveda, ademáis, formaba parte como único representante galego do Consello Galego de Galeuzca, segundo consta na devandita epístola, na compañía de Pau Romeva Ferrer, de UDC, e Pau Vila, de ACR, pola banda catalana, e probablemente José Ignacio Lizaso, polos vascos. (40).

Bóveda manifestaba unha afervoadada confianza na capacidade do Galeuzca, unha fronte efectiva das tres nacións, para derrubar o centralismo español e acadar unha nova estrutura política do Estado. Unha proba do outo concepto político deste pacto por parte de Bóveda suministrao o feito de que, cando en 1935 se percure a formación dun amplo fronte autonomista peninsular, Bóveda amose reticencias, pois os anxeios de aragoneses e outros non debían empoleirarse na mesma categoría que os de Catalunya, Euskadi e Galicia. (41).

Cicais unha das últimas facianas do Galeuzca foi un chamamento, que a Secretaria do PG remesou ó xornal nacionalista de San Sebastián, EL DIA, para que os galegos en Euskal Harria, sobre todo, os afincados en Pasaia, no bairro coñecido como Trintxepe votasen a prol do Estatuto Vasco no referendun que se ía a celebrar o 5 de novembro de 1933. Tamén aparece o manifesto o mesmo día no xornal independente EL

PUEBLO VASCO, propiedade de D. Rafael Picabea, tío da primeira muller de Camilo José Cela, Rosario Conde Picabea. D. Rafael asinaba os artigos co pseudónimo ALCIBAR e chegaría a deputado en 1936 como independente nas fileiras do PNV. Descoñecemos a resoancia efectiva deste chamado, pois o habitantes do citado barrio de Trintxerpe eran pescadores galegos na órbita da CNT. Na Guerra Civil Castelao calificaríalos como "leóns do Norde", pois crearon o batallón "CELTA", con 450 integrantes e con un carimbo que poñía "Milicias Galegas Antifascistas". De tódolos xeitos insiro o chamamento, pois moi probablemente foi redactado por Alexandre Bóveda. **(documento 8)**.

Pero tra-la euforia, viña a calma e o Galeuzca esmorecía por mor de variados atrancos internos e externos.

-1-Enfrontamentos e diverxencias entre as forzas asinantes. Durante a mesma viaxe debrozou a acedía do grupo "L'Opinió", sector republicán de ERC, por unhas verbas de Irujo a causa de política da República no País Vasco. Diverxencias entre iste grupo e o sector nacionalista da ERC, Estat Catalá, que remataría ca saída do primeiro en Novembro. No PNV, a algún fato abandeirado por Ceferino de Xemein o mesmo Luis de Arana non lle gostaban istes vencellos tan rexos con forzas galegas ou catalanas. Na LLIGA Cambó somentes era favorable a intelixencias circunstanciais e non a pactos permanentes, como quería Estelrich. O PG tamén andaba inqueda polo protagonismo e os alporizamentos dialécticos de Alvaro das Casas perante a viaxe. O mesmo Batista i Roca asinaba que cicais se "fora máis aló do que nun principio se supoñía".

-2-Incumprimento de acordos comprometidos durante a viaxe. Non se celebrou a conferencia programada para primeiros de outubro en Bilbao. O PNV non compareceu o 22 de setembro no Congreso de Nacionalidades en Xenevra, que significaría o ingreso de Galiza. Ista ausencia provocaría unha forte protesta de Irujo, dirixida ás autoridades do EBB. Tampouco semella que se ratificou o pacto por tódolas forzas políticas asinantes, tal como estaba previsto. Ratificárono con seguridade UDC, ARC, PNV, ANV, PG e ULTREIA, que estaba representada polo PG. Probablemente ratificouno ERC, pero é dubidoso que o fixera LLIGA, pois o seu líder Cambó non quería comprometerse en pactos permanentes. (42)

-3-Influxe negativo da nova coxuntura outonal. En setembro producíase o tomo do goberno Azaña e a convocatoria de eleccións, provocando unha remodelación das tácticas. O PNV viuse na obriga de adicar os meirandes esforzos á preparación do prebiscito do Estatuto Vasco, que se ía a celebrar o 5 de novembro. Nesta tesitura tódolos partidos políticos esqueceron o frontismo galeuzcano e desenrolaron unha intensa laboura nas eleccións xerais do 19 de novembro, que deron o trunfo ás dereitas e trocaron a paisaxe política e a posterior evolución da República. O PG nin siquiera obtería deputados e o PNV tentaría, inclusive, unha alianza ca LLIGA.

**-VI-CONCLUSIONS.-**

-1-Os inicios do Galeuzca están vencellados ao mitin do 2 de abril de 1933, coa intervención de Castelao e a sinatura do Pacto de Gernika ese mesmo día, ás posteriores conversas das autoridades guipuzcoanas do PNV con Josep María Batista i Roca e á viaxe dos observadores cataláns a Euskadi a finais de maio.

-2-Na viaxe triangular entre o 22 de xullo e o 13 de agosto e na redacción, sinatura, conversas e ratificación do Pacto de Compostela ou Galeuzca aínda que ad extra semella máis forte o protagonismo de Castelao, quen se empoleiraría como xebre siareiro do Galeuzca no exilio, cousa que lle negou a Bóveda o asasinato fascista, ad intra, organizativa i efectivamente non fica menos nida a xeira hexemónica de Alexandre Bóveda.

-3-Bóveda confiaba que iste Pacto de tres nacionalidades irmáns convertírase nun un procedemento efectivo para trocar o tradicional centralismo español.

## **-VII-NOTAS.-**

(1) As intervencións completas dos oradores poden ollarse no xornal TIERRA VASCA, voceiro de ANV, 4-abril-1933. No mesmo xornal aparecerían insistencias na necesidade dun bloque trinacional en posteriores ocasións. Vide: TIERRA VASCA, 6-abril-1933. LARRABEITI, Luis de:"Alianzas políticas. De la Autonomía al nacionalismo"; TIERRA VASCA, 14-abril-1933. EGUIAR:"Formemos el frente" y "Frente único"; TIERRA VASCA, 15 y 29-abril-1933 respectivamente. O voceiro bilbaino do PNV, EUZKADI, somentes fixo unha breve alusión ó mitin o mesmo día da celebración, o domingo, 2 de abril e mantivo un silencio sepulcral nas xornadas seguintes.

(2) GRANJA, J. L. de:"Nacionalismo y II República en el País Vasco"; C.I.S., Madrid, 1896, p. 356. Tamén poder verse en TIERRA VASCA, 4-abril-1933, con un lixeiro erro ó poñer "ceide" por "ceibe".

(3) Tamén asinaron no devandito Libro de Ouro Josep Riera i Puntí e o dirixente aneuvista, Luis de Areitioaurtena. O primeiro escribiu:"De todo corazón deseo para Galicia todas las libertades por las que luchamos y lucharemos los catalanes". O segundo inseriu estas verbas:"Cuando hay pueblos que tienen alma como la tiene Galicia y hombres que hablan como nuestro amigo Castela, los pueblos serán libres para bien de la humanidad".

(4) Carta datada o 14-junio-1933. AHN, Guerra Civil, Salamanca, P.S., Bilbao, leg. 195.

(5) EUZKADI, 18-abril-1933, p. 2. O xornal catalán, EL MATI, voceiro da UNIO DEMOCRATICA DE CATALUNYA(UDC), transcribía a frase de Monzón diste xeito:"propugna per un treball conjunt de tots els nacionalistes bascos, catalans y gallecs".

(6) EL DIA, 11-mayo-1933, p. 10. EUZKADI, 13-mayo-1933, p. 7.

(7) Frase-resumo das diferentes intervencións a cárrego de Manuel Carrasco i Formiguera, de UDC. EL MATI, 12-mai-1933. Un amplo relato dos diversos actos tireino dos xornais EL DIA, 8-13-mayo-1933; EUZKADI e EL MATI dos mesmos días. O día 11 tamén se personaría en Barcelona para pronunciar unha conferencia sobre o sindicato ELA o crego e activista cultural nacionalista José de Ariztimuño "Aitzol", que sería fusilado polos franquistas en 1936. Vide: EL DIA, 14-mayo-1933.

(8) EUZKADI, 13-mayo-1933, p. 7. Teodoro Hernandorena roboroume persoalmente nunha entrevista celebrada 11-abril-1987 que o nome de Galeuzca xestouse en xuntanzas do GBB, previas á viaxe a Barcelona. Non foi, polo tanto, unha invención do catalanista, afincado en Cuba, Josep Conangla i Fontanilles, nunha conferencia pronunciada no Centre Català da Habana o 31 de agosto de 1924 co título:"Catalunya: Pasat, present i futur". Eu cometín ise erro baseándome nunha traducción trabucada da conferencia de Lluís Morera i Pasqual, espallada por Internet. <http://www.unitat.org/conangla2.htm>., p.12. Pode verse o meu erro en: ESTEVEZ, X.:"El Galeuzca del exilio y el grupo vasco de Caracas"; Actas. Encuentros con Martín de Ugalde; ed. Saturrarán, San Sebastián, p. 454. O orixinal correcto da frase pronunciada na conferencia atópase en: CONANGLA I FONTANILLES, J. ( a cura de ROY, J.) : "LA CONSTITUCIO DE L'HAVANA i altres escrits"; Edicions de la Magrana/Diputació de Barcelona, Barcelona, 1986, pp. 144-145.

(9) EL DIA, 23-mayo-1933 anunciaba os nomes da comisión, con moitos erros na transcrición dos nomes e apelidos. BARAS, M.:"Acció Catalana.1922-1936"; Curial, Barcelona, p. 204. ROIG I LLOP,T.:"Del meu viatge per la vida. Memóries, 1931-1939"; Portic, Barcelona, 1978.

(10) Un amplo relato da intensa viaxe pode ollarse nos xornais peneuvistas EL DIA, de San Sebastián, y EUZKADI, de Bilbao, do 24 ó 31 de maio de 1933. Tamén nos xornais cataláns EL MATI, de UDC, LA PUBLICITAT, de ERC, e a VEU DE CATALUNYA, da LLIGA, desas datas e posteriores. Asimesmo algúns portagonitas escribiron as súas impresións e pronunciaron conferencias sobre a visita a Euskadi. Tal é o caso de Josep Carbonell que pronunciou unha conferencia no local de UDC, na rúa de Gracia de Barcelona, o 7 de xuño e escribiu 6 artigos sobre o tema en EL MATI, os días 4, 8, 10, 14, 23 de xuño e 8 de xullo. Algúns como Roig y Llop ou Batista i Roca foron entrevistados en Catalunya Radio. Sobre a viaxe, ademáis das memorias de Tomás Roig i Llop, consérvase un rapport manuscrito de 14 follas, obra de Pere Rosell i Vilar, Arxiu E. Ucelay da Cal.

(11) EUZKADI, 28-mayo-1933.



(12) Así o expresa iste telegrama, remitido conxuntamente por tódolos observadores cataláns á súa volta dende Barcelona:

"Desde Catalunya renovamos nuestro agradecimiento cordialísimo atenciones recibidas. Reiteramos profunda admiración y simpatía que nos ha producido movimiento nacionalista Euzkadi. Al disponernos difundir Catalunya sentimientos cooperación catalano-vasca hacemos votos, para que Euzkadi vea satisfecho pronto anhelo libertad"; LA PUBLICITAT, 30-maig-1933, reproducido también en: EUZKADI, 2-JUNIO-1933, P. 5.

(13) DAS CASAS, Alvaro: "Diario de unha viaxe de nazionalistas. Galeuzca"; ALENTO, nos. 1-2, 1934, p. 20.

(14) AHN, Guerra Civil, Salamanca, Sección Político-Social, Bilbao, leg. 195.

(15) DAS CASAS, Alvaro:"Diario dunha viaxe de nazionalistas. Galeuzca"; ALENTO, Nos. 1-2, p. 20.

(16) Ibidem, op. cit., p. 20.

(17) "Diário dun Secretário do Partido Galeguista"; en: "Castelao e Bóveda. Irmans!!!"; A NOSA TERRA, Extra 5-6, 1977, pp. 125-132.

DAS CASAS, Alvaro:"Diario dunha viaxe de nazionalistas. Galeuzca"; ALENTO, Nos. 1-2, pp. 17-25.

(18) "Biografía-Cronoloxía"; en: "Castelao e Bóveda. Irmans!!!"; A NOSA TERRA, Extra 5-6, 1977, pp. 122-124.

(19) DAS CASAS, Alvaro, op. cit., p. 18.

(20) ANT, N° 305, 13-agosto-1933; EL PUEBLO GALLEGO, 26-julio-1933 transcribió los discursos íntegros de Castelao, Blanco Amor y Suárez Picallo; EUZKADI, 26-julio-1933, p. 3; AMAYUR, de Pamplona, 28-julio-1933.

(21) DAS CASAS, A., op. cit., pp. 20-21.

(22) DAS CASAS, A., op. cit., p.21.

(23) DAS CASAS, A., op. cit., pp. 20-21. RAPPORT, PNV, Archivo Ramón Goñi (-un dos viaxeiros vascos e secretario do NAPAR BURU BATZAR ou NBB-), Universidad de Reno, publicado na RIEV, año 35, Tomo XXXII, nº 1, enero-junio 1987, pp.

235-236. Iste rapport asevera: "El talante organizador que levou a discusión e o peso e incidencias de a redacción do pacto, fué o gallego Bóveda, que é unha esperanza de gran estimación". No arquivo Goñi atopou o profesor José Luis de la Granja o único documento do Pacto de Compostela completo deica agora. RIEV, rev. cit., pp. 233-234. O profesor Granja suministróme con moita antelación iste documento, polo que lle debo agradecemento.

No relato de Alvaro das Casas, op. cit., p. 24 tamén se manifesta esta coincidencia.

(24) EL DIA, 20-agosto-1933.

(25) Recolleuna Alvaro das Casas en galego, no diario, p. 21 e os xornais EL PUEBLO GALLEGO, LA PUBLICITAT, EL MATI, EL DIA e EUZKADI, 27-julio-1933, en castelán. Niste último asina a nota o xornalista Julio Ruiz de Oyaga.

"En Compostela se han reunido hoy, día 25, los representantes del Partido Nacionalista Vasco, catalanes y gallegos al objeto de constituir un organismo que coordine con carácter permanente las actividades patrióticas de las tres nacionalidades.

En esta reunión se acordó la creación de un Secretariado que funcionará en cada uno de los tres países, y la celebración de una Conferencia, que se reunirá en Euskadi en la primera quincena de octubre".

(26) AMEZAGA IRIBARREN, A.: "Manuel de Irujo. Un hombre vasco"; Fundación Sabino Arana, Bilbao, 1999, p. 217. Inclúe unha fotografía dalguns viaxeiros diante do monumento ós mártires de Carral, que se atopa na praza do pobo, no mesmo lugar de hoxendía.

(27) EUZKADI, 28-julio-1933, p. 2.

(28) DAS CASAS, Alvaro, op. cit., p. 31.

(29) EL DIA, 2-agosto-1933, p. 5.

(30) "Diario dun Secretario do Partido Galeguista"; A NOSA TERRA, extra 5-6, p. 130.

(31) Bargalló, M.: "L'arribada del viatge triangular organitzat per Palestra"; Revista CATALUNYA RADIO, 4-agost-1933, p. 17. La hoja del album con las firmas y la

revista me fue suministrada amablemente por el director de Radio Cadena Catalana, José Ma. Salillas.

(32) EL MATI, 6-agost-1933, p. 18.

(33) DAS CASAS, op. cit., p. 98. EL MATI, 6-agost-1933, p. 18; LA PUBLICITAT, 6-agost-1933, p. 6; EUZKADI, 6-agost-1933, p. 6; EL DIA, 6-agosto-1933, p. 2; LA VOZ DE NAVARRA, 6-agosto-1933, p. 3; LA GACETA DEL NORTE, 6-agosto-1933, p. 4, y TIERRA VASCA, 6-agosto-1933, p. 3.

(34) LA PUBLICITAT, 6-agost-1933, p. 6; EL DIA, 6-agosto-1933, p. 2.

(35) Copia de folla correspondente do Libro de Honor, suministrada pola frade bieito, historiador e amigo Hilari Ragner. Tamén no"; BULLETI DEL SANTUARI, Monserrat, nº 84 (VII), setembro, 1933, pp. 10-11.

